



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE DELEGADOS E FIXACIÓN DO RÉXIME DE SESIÓNS

FEITOS

1 O día 15 de xuño do 2019 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 26 de maio do 2019.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 O artigo 42 do Regulamento orgánico do Concello de Fene establece que a Xunta de delegados é un órgano complementario do Concello de Fene.

2 O artigo 52 do Regulamento orgánico do Concello de Fene establece que A Xunta de Delegados está integrada polo Alcalde/sa, que actuará como presidente, e os Concelleiros/as responsables das áreas ou Concelleiros/as Delegados, que actuarán como vocais. Que será secretario/a da Comisión o/a da Corporación ou funcionario/a en quen delegue e que a Xunta de Delegados depende xerarquicamente da Alcaldía, e as súas competencias serán as seguintes:

1. Coordinar os traballos dos concelleiros/as responsables de áreas e dos concelleiros/as delegados.
2. Deliberación dos asuntos que se tratarán na Xunta de Goberno Local ou no Pleno.
3. Informar á Alcaldía dos asuntos que fosen obxecto de delegación.

3 Por resolución da Alcaldía núm. 685/2019 creáronse as áreas nas que se distribúe a acción do goberno local e por Resolución núm. 687 conferíronse as delegacións xenéricas de áreas e delegacións específicas en tenentes de alcalde.

4 O artigo 58 do Regulamento orgánico do Concello de Fene establece que a Xunta de delegados celebrará sesión ordinaria con carácter mensual. Ó inicio de cada mandato corporativo o Alcalde/sa determinará o día da semana e a hora na que se celebrará. A Alcaldía Presidencia poderá adiantar ou demorar as sesións así como suspendelas por causa xustificada e mediante Decreto no que se faga constar a mesma.

As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo Alcalde/sa.

O Alcalde/sa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Delegados, cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle correspondan.

Logo de ver canto antecede, no exercizo das competencias que me atribúe a lexislación vixente, acordo:

1º Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Delegados do Concello de Fene terán lugar o último martes de cada mes ás 9.30 horas.

No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarásese a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día hábil anterior á mesma hora, agás que a Alcaldía cambie a sesión conforme estipula o artigo 58 do ROM.

2º Nomear como membros da Xunta de Delegados aos seguintes concelleiro/as: Rocío Aurora Bertoa Puente, Tamara Miragaya López, José Andres Serantes Paineiras, Juana Barro Couto e Juan José Franco Casal.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.gal>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).